



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BRIÓN

Lista definitiva de admitidos e excluídos e nomeamento do tribunal do proceso selectivo de estabilización por concurso, (1) praza de oficial I albanel condutor

ANUNCIO

Por esta alcaldía con data 15 de maio de 2023, ditouse a seguinte resolución:

Rematado o prazo de emenda de solicitudes para tomar parte no proceso selectivo convocado por este Concello (BOE núm. 55, do 06.03.2023), derivado da convocatoria polo sistema de concurso de: **unha (1) praza de oficial I - albanel condutor**, incluída na oferta de emprego público para a estabilización de emprego temporal (BOP núm. 94, do 19.05.2022), ao amparo da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, e tendo en conta as bases xerais e específicas da convocatoria publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 232, do 09.12.2022, **resolvo**:

1º Aprobar a seguinte lista definitiva de persoas admitidas e excluídas ao proceso selectivo.

Relación definitiva de persoas admitidas:

DNI/NIE.	Primeiro Apelido	Segundo Apelido	Nome
***8770**	FERRÓN	BLANCO	JOSÉ ALBERTO
***4333**	CABO	HOMBRE	RAMÓN
***9672**	ALAMAYONA	LACARRA	YAGO
***6419**	DÍAZ	PAZ	JOSÉ RAMÓN
***5789**	RODRÍGUEZ	GARCÍA	GONZALO
***3734**	GARCÍA	IGLESIAS	JOSÉ

Relación definitiva de persoas excluídas: Ningunha.

2º Nomear ao Tribunal cualificador do proceso selectivo, que terá a seguinte composición:

PRESIDENTE/A:

Titular: María Dolores Torrado Ares, técnica de administración local do Concello de Brión.

Suplente: María Victoria Varela Rodríguez, traballadora social do Concello de Brión.

VOGAIS:

Titular 1: Ana Isabel Candame Areosa, interventora do Concello de Brión.

Titular 2: Alberto Iglesias Fungueiriño, arquitecto do Concello de Brión.

Titular 3: Alberto Álvarez Escudero, xestor cultural do Concello de Brión.

Suplente 1: Berta Rey Nieto, auxiliar administrativa do Concello de Brión.

Suplente 2: Margarita Fernández Sobrino, interventora do Concello de Ames.

Suplente 3: Fco. Javier Vidal Lorenzo, administrativo do Concello de Brión.

SECRETARIO/A:

Titular: Javier Nieves González, secretario do Concello de Brión.

Suplente: Rosa Ana Prada Queipo, secretaria do Concello de Ames.

3º Fixar o vindeiro **día 6 de xuño de 2023 ás 9:00 horas** como data para a primeira sesión do Tribunal cualificador (constitución) e para comezar o proceso de valoración de méritos presentados e acreditados para a presente praza. O Tribunal reunirse na Sala de Xuntas da Casa do Concello de Brión.

4º De conformidade coas bases que rexen o procedemento, publicar a presente lista no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios.

5º) Contra a presente resolución, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición perante a Alcaldía, no prazo dun mes, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado Contencioso-Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses, en ámbolos dous casos, o prazo contarase dende o día seguinte ao da publicación desta resolución no Boletín Oficial da Provincia. O feito de figurar na relación de admitidos/as non prexulgará que se lles recoñeza aos aspirantes o cumprimento dos requisitos esixidos. Cando da documentación a presentar unha vez superado o proceso selectivo se desprenda que non cumpren algún dos requisitos, os/as aspirantes decaerán en todos os seus dereitos que puideran derivarse da súa participación no procedemento.

Brión, 15 de maio de 2023

O alcalde

Pablo Lago Sanmartín

2023/3887